

## Memoria de PEMES SEN ÁNIMO DE LUCRO do exercicio anual rematado a 31/12/2023 da FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

### Actividade da empresa

A FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE constituíuse como tal o 21 de maio de 1999 por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Réxese pola lei de réxime das Fundacións de Interese Galego de 22 de xuño de 1983, reformada pola lei de 8 de novembro de 1991, polo seu regulamento aprobado polo decreto de 18 de xuño de 1992 e pola lei de Fundacións e de Incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral de 24 de novembro de 1994.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por orde de 6 de xullo de 1999 pola Consellaría da Presidencia e Administración Pública e declarada de interese galego por Orde do 9 de agosto de 1999 pola Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo, inseríndose no Rexistro de Fundacións do seu protectorado.

A Fundación constituíuse cunha dotación fundacional de 1 millón de pesetas (6.010,12 euros), aportados na súa totalidade polo Bloque Nacionalista Galego.

### Bases de presentación das contas anuais



#### 2.1. Imaxe fiel.

Os estados financeiros (contas anuais) da Fundación foron formulados a partir dos rexistros contables da fundación, de acordo cos principios de contabilidade xeralmente aceptados e demais criterios valorativos recollidos na Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade y Auditoría de Contas, polo que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira e dos resultados da Fundación.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosa-la imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

#### 2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados.

*A Fundación non aplicou principios contables non obrigatorios.*

<p>Lucía Veciño Souto Secretaría do Padroado</p> 	<p> Vº Bº Rubén Cela Díaz Presidente do Padroado</p>
--	--

### 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume.

A Fundación elaborou as presentes contas anuais baixo o *principio de empresa en funcionamento*, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos ou gastos e compromisos que figuran rexistrados, caso da vida útil dos activos para cálculo de amortizacións ou estimacións de compromisos futuros caso de provisións por continxencias. A pesar de estar feitas estas estimacións coa mellor información da que se dispoñía, non se descarta que no futuro poida ser necesario modificar estas estimacións en función de acontecementos futuros que as modifiquen. Nese caso corríxiranse de maneira prospectiva nas contas de perdas e ganancias futuras atendendo ás novas circunstancias.

### 2.4. Comparación da información.

De acordo coa lexislación mercantil aplicábel, a dirección da Fundación presenta a efectos comparativos, con cada unha das partidas do Balance, da Conta de Resultados, e da Memoria, as correspondentes ao exercicio anterior.

Non existen razóns polas que as contas anuais do exercicio non sexan comparables coas do exercicio anterior.

### 2.5. Elementos recollidos en varias partidas.

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en varias partidas ou conceptos do balance.


### 2.6. Cambios en criterios contables.

Non se realizaron no exercicio axustes ás contas anuais derivados de cambios en criterios contables.

### 2.7. Corrección de erros.

Non se tiña recoñecido no 2.022 os dereitos sobre subvención concedida da deputación de Pontevedra pola edición da Publicación "100 aniversario dos sucesos de Sobredo" por importe de 1.270,50 euros de data de data 5 de agosto de 2022, aínda que logo se cobrou 548,86 euros que foi o que se xustificou.

Regularízase na conta 4109. a cantidade de 0,01 euros que vén de anos anteriores e na conta 475. a cantidade de 0,22 euros, tamén de exercicios anteriores



## Aplicación de resultados

A proposta de aplicación do resultado do exercicio é como segue:

Bases del reparto	IMPORTE
Excedente do exercicio:	21.688,23
Remanentes	
Reservas	
<b>Total a aplicar:</b>	<b>21.688,23</b>

Aplicación:	
A Reservas	
A resultados negativos de exercicios anteriores	-30.331,34
A compensación de resultados negativos de exercicios anteriores	
<b>Total aplicado:</b>	<b>-8.643,11</b>

## Normas de rexistro e valoración

### 1. Inmovilizado intanxible


O inmovilizado intanxible recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a Fundación no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre co criterio de identificabilidade, isto é, o inmovilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:

- Ser separable, isto é, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado o intercambiado.
- Xurda de dereitos legais ou separables da Fundación ou doutros dereitos ou obrigas.

A amortización do inmovilizado intanxible faise segundo a vida útil estimada dos elementos. O tipo aplicado para estes elementos é do 15%. A final de ano realizase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

### 2. Inmovilizado material.

O inmovilizado material recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a entidade no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o



recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoña una prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñécense como gastos do exercicio no que se producen.

A dotación anual á amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. A Fundación amortiza ao 10% anual elementos de mobiliario e ao 15% os Equipos informáticos.

A final de ano realízase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

A Fundación clasifica como inversións inmobiliarias aqueles activos non correntes que son inmoables non afectos á actividade, e que producen rendas pola vía do aluguer ou estivesen adicados a obter plusvalías coa súa venda.

Durante o exercicio 2023 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

### **3. Inversións inmobiliarias.**

A Fundación non dispuxo durante o exercicio (nin durante o anterior) de Inversións Inmobiliarias.

### **4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico.**

A Fundación valora ditos bens en función do valor de adquisición desembolsado no momento da súa adquisición.

### **5. Permutas.**

A Fundación non realizou permutas durante o exercicio, nin durante o comparativo anterior.

### **6. Créditos e débitos da actividade propia.**

A Fundación valora estes créditos e débitos segundo as normas valorativas aplicables aos «Activos financeiros a custe amortizado» ou aos «Pasivos financeiros a custe amortizado» respectivamente e segundo se describe no parágrafo seguinte.

### **7. Activos financeiros e pasivos financeiros**

A Fundación clasifica os seus activos financeiros como:

1. Activos financeiros a custe amortizado.
2. Activos financeiros mantidos para negociar.
3. Activos financeiros a custe.

A Fundación unicamente dispón de «Activos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Non obstante os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal. Ao peche do exercicio realízanse as correspondentes correccións valorativas precisas atendendo o cobro futuro do saldo.

A Fundación clasifica os seus pasivos financeiros como:

1. Pasivos financeiros a custe amortizado.



## 2. Pasivos financeiros mantidos para negociar.

A Fundación unicamente dispón de «Pasivos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida axustada polos custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Non obstante os débitos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal.

## 8. Existencias.

A Fundación non dispón de ningún tipo de existencias durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

## 9. Transaccións en moeda estranxeira.

A Fundación non realizou transaccións en moeda estranxeira durante o exercicio nin durante o anterior.

## 10. Impostos sobre beneficios.

A Fundación tributa polo imposto sobre sociedades pola actividade que revista carácter mercantil. Neste caso calcúlase o gasto do exercicio en función do resultado contable suxeito e non exento, aplicando o tipo impositivo que legalmente corresponda.

## 11. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido.

## 12. Provisións e continxencias.

A Fundación non dispón de ningún tipo de provisións a valorar durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

## 13. Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e recoñécense na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistráranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión, se cumpran as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables para a súa recepción. As subvencións para actividades de realización plurianuais considéranse como Débedas transformables en subvencións pola parte non executada do total concedido.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.
- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.
- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.
- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se consegue ese fin.

#### 14. Negocios conxuntos.

A Fundación non levou a cabo durante o exercicio nin durante o anterior ningún tipo de negocios conxuntos.

#### 15. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Fundación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

### **Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias.**

#### **Inmovilizado material**

Nin durante o exercicio nin durante o anterior ten habido altas baixas ou traspasos de ningunha clase nos elementos de inmovilizado material da Fundación.

Durante o exercicio realizáronse dotacións de amortización ó inmovilizado material concretamente os equipos para procesos de Información, dado que os demais elementos xa están totalmente amortizados.

O detalle de elementos de inmovilizado material e de amortización acumulada é como segue:

Concepto	Importes 2023	Importes 2022
Mobiliario	2.393,43	2.393,43
Equipos para Procesos de Información	349,61	349,61
Am. Ac. Mobiliario	-2.393,43	-2.393,43
Am. Ac. Equipos Proc. Información	-283,16	-266,81
<b>Saldo neto Inmovilizado material</b>	<b>66,45</b>	<b>82,80</b>



Non existen inmobles cedidos a terceiros ou cedidos por terceiros á Fundación para o seu uso.

Non existen activos inmovilizados suxeitos a prenda, hipoteca ou outro tipo de gravame.

Non existen deterioros de valor aplicados aos elementos de inmovilizado material.

#### Inversións inmobiliarias.

A Entidade non dispón de inversións inmobiliarias, isto é, non dispón de terreos ou construcións cuxa xeración de ingresos para a Fundación puidese ser vía aluguer ou materialización de plusvalías a través do seu alleamento.

#### Inmovilizado intanxible.

O detalle de movementos habidos neste capítulo do balance é como segue:

Descrición	31/12/21	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/22	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/23
Propiedade Industrial	2,151,44	398,34	0,00	0,00	2.549,76	0,00	0,00	0,00	2.549,76
Aplicacións Informáticas	3.425,79	0,00	0,00	0,00	3.425,79	0,00	0,00	0,00	3.425,79
<b>Total Inm. intanxible</b>	<b>5.577,23</b>	<b>398,34</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.975,57</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.975,55</b>
Amort. acum. Prop. Industrial	-1.703,44	-130,88	0,00	0,00	-1.834,32	-136,19	0,00	0,00	-1.970,50
Amort. acum. Aplicacs Informáticas	-3.425,79	0,00	0,00	0,00	-3.425,79	0,00	0,00	0,00	-3.425,79
<b>Amort. acum. Aplicacs Informáticas</b>	<b>-5.129,23</b>	<b>-130,88</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-5.260,10</b>	<b>-136,19</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-5.396,29</b>
<b>Inmovil Intanxible Neto</b>	<b>448,00</b>	<b>267,46</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>715,47</b>	<b>-136,19</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>579,28</b>

Non existen inmovilizados intanxibles con vida útil indefinida.

Non existen restricións sobre este tipo de bens.

As amortizacións dos Inmovilizados intanxibles calcúlanse linealmente a taxas anuais do 15%.

#### Arrendamentos financeiros


A Fundación non ten contratado ningún tipo de arrendamento financeiro.

#### Bens do Patrimonio Histórico

A fundación cataloga nesta partida o importe correspondente ao valor de adquisición dun valioso manuscrito relacionado coa historia do nacionalismo galego: O *Manifesto as Immandades da Fala*, depositado no Museo do Pobo Galego. O seu valor de adquisición foi de 1.502,53 euros.

#### Usuarios e outros debedores da Actividade Propia

O único saldo corresponde a créditos por importe de 22.678,41 euros.



### Beneficiarios - Acredores

A Fundación non ten saldos clasificados como Beneficiarios – Acredores .

### Activos Financeiros

Os únicos activos financeiros dos que dispón a entidade e o saldo de tesourería depositado fundamentalmente en bancos.

### Pasivos financeiros.

Os instrumentos financeiros do pasivo do balance da Entidade a longo prazo, clasificados por categorías son:

CLASES CATEG.	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTALS
	<i>Débedas con entidades crédito</i>	<i>Outros</i>	<i>Débedas con entidades de crédito</i>	<i>Outros</i>	
<b>EXERCICIO ACTUAL</b>					
Débitos e partidas a pagar por Préstamos e fianzas	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais	0,00	0,00	0,00	1.456,10	<b>1.456,10</b>
Débitos y partidas a pagar por remuneracións ptes de pago	0,00	0,00	0,00	1.483,46	<b>1483,46</b>
<b>TOTALS</b>	<b>0,0</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>2.939,56</b>	<b>2.939,56</b>
<b>EXERCICIO ANTERIOR</b>					
Débitos e partidas a pagar por Préstamos e fianzas		0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais	0,00	0,00	0,00	312,88	<b>312,88</b>
Débitos y partidas a pagar por remuneracións ptes de pago	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
<b>TOTALS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>312,88</b>	<b>312,88</b>

Non existen débedas con garantía real.

Durante o exercicio non se produciron impagos de principal ou intereses das débedas que a Fundación ten ou tivo durante o exercicio.

As únicas débedas que mantén a Fundación a finais de ano son de carácter comercial, o seu valor de reembolso é o que figura no balance, e por ser de carácter comercial a curto prazo non devengan ningún tipo de interese.

## Fondos propios

Os movementos experimentados nas distintas partidas de Fondos Propios no exercicio e no exercicio anterior son como seguen:

MOVEMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ANTERIOR				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
<b>I. Dotación fundacional/Fondo social</b>				
1. Dotación fundacional/Fondo social	70.010,12	0,00	0,00	70.010,12
2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>II. Reservas voluntarias</b>	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>III. Reservas especiais</b>	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>IV. Remanente</b>	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>V. Excedentes de exercicios anteriores</b>	-52.597,10	1.762,75	0,00	-50.834,35
<b>VI. Excedente do exercicio</b>	-1.762,75	29.719,48	0,00	31.482,23
<b>TOTAIS</b>	<b>19.175,77</b>	<b>31.482,23</b>		<b>50.658,00</b>

MOVEMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ACTUAL				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
<b>I. Dotación fundacional/Fondo social</b>				
1. Dotación fundacional/Fondo social	70.010,12	0,00	0,00	70.010,12
2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>II. Reservas voluntarias</b>	0,00	0,00	0,00	0,00

III. Reservas especiais	0,00	0,00	0,00	0,00
IV. Remanente	0,00	0,00	0,00	0,00
V. Excedentes de exercicios anteriores	-50.834,35	32.031,09	11.528,08	-30.331,34
VI. Excedente do exercicio	31.482,23	0,00	9.794,00	21.688,23
<b>TOTAIS</b>	<b>50.658,00</b>	<b>32.031,09</b>	<b>21.322,08</b>	<b>61.367,01</b>

### Situación fiscal

A Fundación non ten saldos debedores coas Administracións Públicas.

Os saldos de pasivo que presenta a Fundación coas Administracións Públicas son como seguen:

Concepto	31/12/23	31/12/22
H.P. Acreedora por I.R.P.F.	1.609,56	1.797,79
H.P. Acreedora por IVA	4.477,17	0,00
H.P. Acreedora Por Outros Conceptos	0,00	0,00
Pasivos por impostos diferidos	0,00	0,00
Organismos S. S. Acreedores	864,67	854,88
<b>Totais</b>	<b>6.951,40</b>	<b>2.652,67</b>

O imposto sobre Sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente han coincidir co resultado fiscal, entendido este como a base imponible do citado imposto. A conciliación do resultado contable antes de impostos coa Base Imponible para o exercicio e o anterior é como segue:

Concepto	Exercicio 2022	Exercicio 2023
<b>Resultado exercicio antes de impostos</b>	<b>31.482,23</b>	<b>21.688,23</b>
Diferencias permanentes (Rexime fiscal entidades sen fins lucrativos (Lei 49/2002)	-31.482,23	-21.688,23
Diferencias temporarias.	0,00	0,00
<b>Base imponible = Resultado fiscal</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>



<b>Cota íntegra:</b>		
Compensación de crédito fiscal	0,00	0,00
Deduccións fiscais aplicadas	0,00	0,00
<b>Cota líquida</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
Retencións e pagos a conta	0,00	0,00
Facenda Pública acreedora por impuesto sobre Sociedades	0,00	0,00

Toda a actividade desenvolta pola Fundación considerase exenta do Imposto sobre sociedades, e polo tanto non xenera ningún tipo de base imponible. Isto é así ao tratarse dunha Fundación que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 3 da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A Fundación non é posuidora de Activos ou Pasivos por Impostos diferidos a finais do exercicio 2023 nin ó final do exercicio anterior.

A Entidade non aplicou ningún tipo de incentivo fiscal.

A partida de Outros Tributos é inexistente na Fundación.

De acordo coa lexislación vixente os impostos non deben considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracións presentadas teñan sido verificadas pola Inspección de Tributos do Estado ou teña transcorrido o prazo de prescripción. Debido ás diferentes interpretacións da normativa fiscal aplicable, poderían xurdir certas continxencias fiscais, cuxa cuantificación non é posible determinar obxectivamente. Non obstante, estímase que a débeda tributaria que de estes feitos podería xurdir non afectaría de maneira significativa ás presentes contas anuais no seu conxunto.

## Ingresos e Gastos

A Fundación non realizou ningún tipo de Axuda Monetaria ou Non Monetaria a ningún tipo de institución, centro, persoa física ou xurídica durante o exercicio 2022 e 2023.

A Fundación non presenta saldo ningún na partida de "Aprovisionamientos" da conta de resultados é polo tanto non resulta necesario o seu desglose.

O desglose da partida "Gastos de Personal" da conta de resultados detallase a seguir:

Concepto	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Soldos e Salarios	26.949,44	25.488,80
Indemnizacións	0,00	0,00
Seguridade Social a cargo da Empresa	8.637,36	8.042,22
Outros Gastos Sociais	0,00	0,00
<b>TOTAIS:</b>	<b>35.586,80</b>	<b>33.531,02</b>

A partida de «Outros Gastos de Explotación» é como segue:

Concepto	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Gastos Investigación y Desarrollo del Ejercicio	0,00	0,00
Arrendamientos y Cánones	0,00	5.129,56
Reparaciones y Conservación	0,00	0,00
Servicios Profesionales Independientes	0,00	150,18
Transportes	0,00	0,00
Primas de Seguros	822,59	559,20
Servicios Bancarios y Similares	53,50	26,25
Publicidad, Propaganda y Relaciones Públicas	261,36	508,73
Subministros	788,13	788,13
Otros Servicios	113.714,22	160.093,75
Actividades	0,00	0,00
Tributos	0,00	0,00
Perdas, deterioro e variación de provis por operacs comercs	0,00	0,00
Outros gastos de xestión corrente	0,00	0,00
<b>TOTAIS:</b>	<b>115.639,80</b>	<b>167.255,80</b>

O desglose por actividade dos ingresos da actividade propia devengados pola Fundación non é posible atendendo as condicións e características propias dos ingresos, non subordinados exclusivamente á realización de actividades concretas. Enténdese que os ingresos obtidos serviron ou se aplicaron de maneira conxunta e global para a realización das seguintes actividades: actividades ordinarias de xestión e administración de proxectos, xuntanzas de carácter directivo e executivo, Padroado da fundación, actividades de pensamento e divulgación dos obxectivos fundacionais, desenvolvemento do programa de carácter internacional e desenvolvemento do plan de comunicación e divulgación a través das redes sociais da Fundación.

A Fundación non percibiu ningún tipo de Ingreso derivado da actividade mercantil.

A Fundación non realizou venta de bens ou prestación de servizos producidos por permuta de bens.

A Fundación non imputou como resultados excepcionais importe ningún no 2023.

### Subvenciones, doazóns e legados

A Fundación non ten subvencións de capital rexistradas dentro do seu Patrimonio Neto a final do 2023 nin tampouco a final do 2022.

As subvencións de explotación rexistradas na conta de resultados pola Fundación durante o exercicio foron as seguintes:

Entidade concedente	Finalidade	Ano de concesión	Período de aplicación	Importe concedido	Total imputado a resultados
---------------------	------------	------------------	-----------------------	-------------------	-----------------------------



Deputación da Coruña	Programa de actividades, durante o ano 2023	2023	2023	12.260,23	12.260,23
Deputación da Coruña	Festigal	2023	2023	20.000,00	20.000,00
Ministerio de Cultura	Escola de formación	2023	2023	2.256,95	2.256,95
<b>TOTAIS</b>				<b>47.963,53</b>	<b>47.963,53</b>

#### Actividade da Entidade. Aplicación de Elementos Patrimoniais a fins propios. Gastos de Administración.

##### 15.1. Actividades realizadas pola entidade:

A continuación indicamos as diversas actividades desenvolvidas pola Fundación no 2023 desglosando o nivel de ingresos e gastos estimados xerados por cada unha delas:

Denominación da actividade	Tipo de actividade	actividade mercantil? Si/ Non	Lugar de execución	Total de gastos imputables á actividade
Xuntanzas do padroado e xunta directiva para a preparación e xestión do programa de actividades da Fundación	Actividade ordinaria	NON	Fundación Galiza Sempre	0,00
Actividade ordinaria: presentacións literarias, edición de publicacións, mesas redondas	Actividade ordinaria	NON	Santiago de Compostela	17.563,03
Festigal	Actividades Culturais	NON	Santiago de Compostela	98.076,77
<b>TOTAIS:</b>				<b>115.639,80</b>

Os desglose dos ingresos obtidos pola entidade son os seguintes:

INGRESOS	Importe 2023	Importe 2022
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio		
Ventas e Prestación de servizos das actividades propias		

Ingresos ordinarios das actividades mercantís		
Subvencións do sector público	34.517,18	33.486,10
Aportacións privadas	20.620,00	17.958,00
Outros tipos de ingresos	119.165,83	180.972,18
<b>TOTAL INGRESOS OBTIDOS</b>	<b>174.303,01</b>	<b>232.416,28</b>

Non houbo convenios de colaboración subscritos con outras entidades

#### 15.2. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

Non existen bens ou dereitos que formen parte da dotación e que se atopen sometidos a ningún tipo de restrición. Asemade, non existen bens ou dereitos vinculados de forma permanente aos fins fundacionais mediante declaración expresa ao efecto. 15.3 Gastos de administración son os seguintes:

Detalle do gasto	Importe 2023	Importe 2022
Gastos por colaboracións	0	0
Gastos de padroado	0	0
Outros gastos (describir)	0	0
<b>TOTAL GASTOS DE ADMINISTRACIÓN</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Os gastos de administración da Fundación non superamos límites fixados para este tipo de gastos no artigo 33 do Regulamento R.D. 1337/2005.

#### Operacións con partes vinculadas

A Fundación non realizou operacións con entidades vinculadas distintas ás vinculadas co Bloque Nacionalista Galego, membro fundador da entidade. A continuación indicamos as operacións de compras, vendas (ou achegas) e os saldos debedores e acredores existentes con dito partido político:

Gastos/compras	Importes 2023	Importes 2022
Compras de servizos ou materiais ao Bloque Nacionalista Galego	0,00	0,00
Ventas	0,00	0,00
Ingresos percibidos pola actividade non mercantil (achegas)	81.700,00	150.500,00

Non existen saldos debedores ou acredores derivadas da actividade habitual da Fundación co Bloque Nacionalista Galego a final do 2023.

Os membros do padroado da Fundación non percibiron remuneración algunha durante o exercicio 2023.



Non existen plans de pensións, anticipos, créditos ou outras retribucións en especie concedidas aos membros do padroado ou da alta dirección da Fundación.

### Outra información

O número medio anual de traballadores da Fundación, así como o número de traballadores existentes a final do exercicio 2023:

Categoría	EXERCICIO 2023			
	A finais		Nº medio	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Dirección	0	0	0	0
Persoal de Administración	0	1	0	1
Outras categorías	0	0	0	0
<b>Traballadores totais</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>1</b>

A Fundación non ten asuntos continxentes que supoñan a necesidade de contabilizar ningún tipo de pasivo no seu balance a 31 de decembro de 2023.



Inventario



O inventario ao que se refire o artigo 25.2 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, detallase a seguir:

BENS E DEREITOS						
DESCRIPCIÓN DO ELEMENTO	DATA DE ADQUISICIÓN	VALOR CONTABLE TOTAL	OUTRAS VALORACIÓN REALIZADAS	AMORTIZACIÓNS, DETERIORIO E OUTRAS PARTIDAS COMPENSADORAS	CARGAS E GRAVAMENS	OUTRAS CIRCUNSTANCIAS
<b>INMOBILIZADO MATERIAL</b>						
3 mesas, 4 archivadores oficina	30/11/99	2.134,12		2.134,12		
Grabadora	21/09/00	240,61		240,61		
Estanterías	30/09/00	259,31		259,31		
Disco Duro	10/08/21	109,00		42,55		
<b>INMOBILIZADO INTANXIBLE</b>						
Propiedade industrial e intelectual						
Marca	26/04/01	80,87		80,87		
Marca	25/05/01	343,33		343,33		
Marca Festigal	17/07/02	353,64		353,64		
Marca	10/12/10	480		480		

Marca Festigal	28/03/12	384			384		
Marca	11/03/21	509,59			214,46		
Marca	03/02/22	398,34			114,19		
Aplicacións informáticas							
Software: Base datos lexislación	10/11/99	850,07			850,07		
Software: Base datos lexislación	01/10/00	850,07			850,07		
Software: Base datos lexislación	01/10/01	850,07			850,07		
Software: Base datos lexislación	04/11/02	875,58			875,58		
<b>BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO</b>							
Manuscrito sobre o nacionalismo galego: Manifesto nacionalista de Lugo	02/12/00	1.502,53					

DÉBEDAS						
	DESCRIPCIÓN DA DEBEDA	DATA DE FORMALIZACIÓN	VALOR NOMINAL	VALOR DE REEMBOLSO	IMPORTES AMORTIZADOS OU DEVOLTOS	INTERESES SATISFEITOS
A CURTO PRAZO	Préstamo do Bloque Nacionalista Galego	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Débedas comerciais	Diversas	1.456,10 €	1.456,10 €	0,00	0,00
	Débeda por remuneracións pendentes	31/12/2023	1.483,46 €	1.483,46 €	0,00	0,00
	Débedas coas administracións públicas	Diversas	6.951,18 €	6.951,18 €	0,00	0,00

Estas contas foron formuladas polo secretaria da Fundación Dona Lucia Veciño Souto, co visto e prace do Presidente Don Rubén Cela Díaz en Santiago de Compostela a 20 de xuño de 2023.

 Lucia Veciño Souto Secretaria do Padroado	 Vº Bº Rubén Cela Díaz Presidente do Padroado
---	--